



INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE INGRESOS ANO 2020

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2020:

I.- BASES DE CALCULO

Para a determinación das previsións de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2018 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2019.
- 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2020 derivada do acordo plenario de 4 de setembro de 2019.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2020 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Ingresos extraordinarios relativos ao Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana derivados de procedementos de regularización catastral realizados pola Dirección Xeral do Catastro e pendentes de liquidación.
- 6.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiamento segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA)





II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	113.296.218,00 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	8.708.898,82 €
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	40.156.209,00 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	81.735.182,76 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.687.000,00 €
Total ingresos por operacións Correntes		246.583.508,58 €
Operacións de Capital		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	18.544.923,49 €
Total ingresos por operacións de capital		18.544.923,49 €
Operacións financeiras		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	646.000,00 €
Total ingresos por operacións financeiras		646.000,00 €
TOTAL INGRESOS		265.774.432,07 €

ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2019-2020 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo	Importe 2019	2020	+/- vari. %	
1	Impostos directos	108.960.818,00 €	113.296.218,00 €	3,98%
2	Impostos indirectos	8.493.508,00 €	8.708.898,82 €	2,54%
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	39.271.725,53 €	40.156.209,00 €	2,25%
4	Transferencias correntes	80.193.073,39 €	81.735.182,76 €	1,92%
5	Ingresos patrimoniais	3.020.200,00 €	2.687.000,00 €	-11,03%
6	Enajenación de inversiones reais	0,00 €	0,00 €	0,00%
7	Transferencias de capital	16.576.285,48 €	18.544.923,49 €	11,88%
8	Activos financeiros	646.000,00 €	646.000,00 €	0,00%
TOTAL INGRESOS		257.161.610,40 €	265.774.432,07 €	3,35%





Do importe total do orzamento de ingresos (265.774.432,07 €) corresponden a operacións correntes 246.583.508,58€ (capítulos I a V) e a operacións de capital, 19.190.923,49€.

CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 113.296.218,00 € e representa un 42,63 % do total do orzamento.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2020 supón **un incremento do 3,98 %** respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2019.

A previsión do importe da **cesión do IRPF** regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFLL ascende a 5.320.218 € millóns de euros, supoñendo un 4,70% do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,00% do total do orzamento e un 2,16% das operacións correntes. Non sofre variación respecto da previsión do exercicio 2019. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza urbana** para o ano 2020 ascenden a 68.630.000,00 euros, máis 500.000 € de Atrasos, as previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbeis de características especiais (BICES)** ascenden a 2.480.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóbeis de Natureza Rústica , a 50.000 euros.

As previsións destas catro partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 26,96% do total do orzamento e un 29,06 % das operacións correntes. Incrementábase respecto das previsións aprobadas no orzamento de 2019 nun 3,87% xustificado pola incorporación de altas de inmóbeis dos Padróns Fiscais de Bens de Natureza Urbana, Rústica e de Características especiais, así como pola actualización de tipos aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2019 e posible actualización de valores catastrais.

As previsións do Imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica** para o ano 2020 ascenden a 15.015.000,00 euros e representan un 5,65% do total do orzamento e un 6,09% das operacións correntes. Incrementábase a previsión respecto do exercicio 2019 nun 2,50%, xustificada polo aumento de matriculacións novas, así como pola actualización aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2019

As previsións do Imposto sobre **Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana** para o ano 2020 ascenden a 7.400.000 euros representando un 2,78% do total do orzamento e un 3,00% das operacións correntes. Xustifícase o incremento na previsión desta partida nos dereitos liquidados no exercicio 2018 así como na execución do presente exercicio 2019.

As previsións do **Imposto sobre Actividades Económicas** para o ano 2020 ascenden a 13.900.000,00 euros e representan un 5,23% do total do orzamento e un 5,64% das operacións correntes, incrementándose as previsións de 2020 respecto do exercicio 2019 nun 2,20%, conforme ao acordo plenario de 4 de setembro de 2019





CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 8.708.898 € e representa un 3,28% do total do orzamento e un 3,53 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2020 supón un incremento do 2,54% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2019.

A previsión do importe da **cesión do IVE** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 5.260.917,00 euros. Supón un 1,98 % do total do orzamento e un 2,13% das operacións correntes. Non sofre variación respecto da previsión do exercicio 2019 . Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da **cesión de Impostos sobre consumos específicos** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 1.646.981,82 euros. Supón un 0,62% do total do orzamento e un 0,67% das operacións correntes. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo Complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do **Imposto sobre Construción Instalacións e Obras** para o ano 2020 ascende a 1.800.000 euros e representan un 0,68% do total do orzamento e un 0,73% das operacións correntes. Incrementábase nun 12,5% respecto ao exercicio 2019 á vista das cifras da liquidación do exercicio 2018, así como da execución do presente exercicio 2019.

CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 40.156.209,00 € e representa un 15,11% do total do orzamento e un 16,29 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2020 incrementábase nun 2,25% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2019.

As previsións da **Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas** para o ano 2020 ascenden a 5.250.000 € na partida 30200 de lixo comercial e 12.100.000 € na partida 30201 de lixo vivendas. A cifra conxunta de 17.350.000 € representa un 6,53% do total do orzamento e un 7,04% das operacións correntes. As previsións para estas partidas incrementábase nun 2,36% respecto das previsións realizadas para o exercicio 2019.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o **1,5% dos ingresos brutos** obtidos polas mesmas no municipio: estímase no importe de 3.340.100 € os ingresos das empresas de electricidade, gas, auga e outros así como en 1.400.000 € os ingresos procedentes das empresas de





telecomunicacións. Permanecen case idénticas ao exercicio 2019 as previsións destas partidas.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 81.735.182,76 € e representa un 30,75 % do total do orzamento e un 33,15% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2020 supón un **incremento do 1,92 %** respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2019.

A previsión da **Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado** para o ano 2020 ascende a 66.389.004,00 € e representa un 24,98% do total do orzamento e un 26,92 % das operacións correntes. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE), e as cifras que constan como previsión no presente orzamento de 2020 nesas partidas corresponden ás facilitadas pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coa CCAA e EELL para a elaboración do orzamento do ano 2020. O importe desta partida incrementábase 0,63 % respecto do orzamento de 2019.

Incorpórase a este orzamento a partida 42092 proxecto “Vigo pola inserción laboral” por importe de **1.019.454,30€**

A previsión do importe da **Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma** (PICA) ascende a 6.954.576 €, incrementándose esta partida nun 6,84% respecto da previsión formulada para o exercicio 2019. Supón un 2,62% do orzamento total e un 2,82% das operacións correntes.

A previsión da achega da Deputación Provincial ascende a 1.339.000,00€, constando no conxunto das partidas incluídas no concepto 461.

CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS.

Importa este capítulo 2.687.000 €, un **11,03% menos** que no orzamento de 2019, por diminución do concepto de aluguer (partida 54101).

Representa un 1,01% do total do orzamento e un 1,09% do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2020 de 18.544.923,49€, supoñendo un **aumento dun 11,88 %** respecto do exercicio 2020.

O importe das transferencias de capital no orzamento de 2020 supón un 6,98 % do total do orzamento.



DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



Nas partidas 76101 a 76116 aparecen reflexados unha serie de convenios coa Deputación de Pontevedra que dan un importe total para o concepto 761 de transferencias de deputacións de 6.961.000 €

Nas partidas 79150 a 79164 figuran unha serie de proxectos con financiamento europeo que dan un importe total para o concepto 791 do Fondo de desenvolvemento rexional de 1.884.140,84 €.

CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS

Importa este capítulo 646.000 € e representa un 0,24% do total do orzamento e un 100% do total de operacións financeiras.

Vigo, outubro de 2019

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:49

Páxina 6 de 6

Expediente 62/142

CSV: 22E6CB-D659ED-E431B4-PCWZCT-TT6DRX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>